



DATOS IDENTIFICATIVOS

Psicología: Fundamentos psicológicos da intervención temperá

Materia	Psicología: Fundamentos psicológicos da intervención temperá			
Código	P02G110V01304			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Psicología evolutiva e comunicación			
Coordinador/a	Insua Meiras, Francisco			
Profesorado	Insua Meiras, Francisco			
Correo-e	finsua@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia inclúe competencias básicas para o futuro exercicio profesional do/a Mestre/a de Educación Infantil e competencias máis instrumentais, especialmente relacionadas coa detección, prevención e intervención temperá en dificultades de aprendizaxe e trastornos do desenvolvemento.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicológicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
B10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelas nos estudantes
C3	Coñecer os fundamentos de atención temprana.
C4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
C8	Saber informar a outros profesionais especialistas para abordar a colaboración do centro e do mestre na atención ás necesidades educativas especiais que se susciten
D7	Resolución de problemas
D9	Traballo en equipo
D15	Aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión.	A1 A2 A4	B6	C4	D7
Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantil. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia	A2	B8	C3 C4	D15
Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida	A1 A2	B11	C8	D7
Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias	A1 A2 A4	B10	C8	D7
Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovelas no alumnado	A2	B11	C3	D9 D15

Contidos

Tema	
Marcos teórico-conceptuais da intervención temperá	1. Historia da atención temperá 2. Conceptualización da atención temperá 3. A natureza do desenvolvemento humano 4. Determinantes do desenvolvemento
Ámbitos da intervención temperá	1. Discapacidades sensoriais (visual e auditiva) 2. Discapacidade motórica 3. Discapacidade intelectual 4. Trastornos xeralizados do desenvolvemento 5. Outras patoloxías.
Procedimentos de avaliación psicoeducativa no ámbito da intervención temperá	1. Exploración do recém nacido 2. Escalas de observación para os diferentes trastornos.
Procedimentos de intervención temperá baseados en procesos cognitivos	1. Prevención. Factores de risco neonatal 2. Intervención na familia 3. Intervención específica nas diferentes patoloxías.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	25	0	25
Traballo tutelado	8	6	14
Resolución de problemas	7	25	32
Estudo de casos	12	45	57
Exame de preguntas obxectivas	2	20	22

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo e discusión guiada sobre os devanditos contidos
Traballo tutelado	Resolución de tarefas dirixidas e propostas polo profesor/a acerca dos contidos da materia para profundar coñecementos ou aclarar conceptos básicos
Resolución de problemas	Resposta eficaz a situacións problema expostas en relación ao desenvolvemento e intervención temperá en base a distintas metodoloxías e sistemas de actuación educativa
Estudo de casos	Identificación e descrición das características cognitivas e educativas de diferentes casos de trastornos do desenvolvemento e dificultades de aprendizaxe para deseñar actuacións preventivas e de intervención

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Nas sesións dos grupos C analizaranse casos e pautas para a detección
Resolución de problemas	Utilizaranse os medios telemáticos para a realización das titorías (email, videoconferencia, foros de Moovi).

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Resolución de tarefas dirixidas e propostas polo profesor/a acerca dos contidos da materia para profundar coñecementos ou aclarar conceptos básicos	10 A1 B6 D7 B8 D15 B10 B11
Resolución de problemas	Resposta eficaz a situacións problema expostas en relación ao desenvolvemento e intervención temperá en base a distintas metodoloxías e sistemas de actuación educativa	15 A1 B6 D7 A2 B8 D15 A4 B10 B11
Estudo de casos	Identificación e descrición das características cognitivas e educativas de diferentes casos de trastornos do desenvolvemento e dificultades de aprendizaxe para deseñar actuacións preventivas e de intervención.	25 A1 B6 D7 A2 B8 D15 B10 B11
Exame de preguntas obxectivas	Resolución de preguntas tipo test de opción múltiple	50 A1 B6 C3 D7 A2 B8 C4 D9 A4 B10 C8 D15 B11

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes realizarán un exame teórico práctico acerca dos contidos da materia, nas datas oficiais establecidas. Tamén deberán entregar un informe de Prácticas (observación dun caso a elixir entre os propostos ao comezo do curso). O contido da materia e as propostas de casos consultaránse no MOOVI.

As data de exames poden consultarse na web da facultade no apartado de Organización Académica (<http://fcced.uvigo.es>).

De non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- ARANDA, R (coord.), **Atención Temprana en educación Infantil**, 1ª ed., Wolters Kluwer, 2008
 BUCETA CANCELA, M.J., **Manual de Atención Temprana**, 1ª ed., Síntesis, 2011
 López Cassá, E. (coord.), **Educación emocional. Programa para 3-6 anos**, 5ª ed., Wolters Kluwer, 2010
 PERPIÑÁN, S., **Atención Temprana y Familia**, 1ª ed., Narcea, 2009
 VIDAL LUCENA, M. (coord.), **Estimulación temprana de 0 a 6 anos (I)**, 1ª ed., CEPE, 2007
 VIDAL LUCENA, M. (coord.), **Estimulación temprana de 0 a 6 anos (II)**, 1ª ed., CEPE, 2008

Bibliografía Complementaria

- ALABART SALUDES, M.A., **Educación emocional y familia**, 1ª ed., Graó, 2016
 ALONSO, J.R.; ALONSO, I., **¿El cerebro nace o se hace?**, 1ª ed., EMSE EDAPP S.L., 2018
 GARCÍA SÁNCHEZ, I.(coord.), **Intervención Psicopedagógica en los trastornos del desarrollo**, 6ª ed., Pirámide, 2009
 MILLA, M. J; MULAS, F. (Coords.), **Atención Temprana**, 1ª ed., Promolibro, 2005
 ORÓN SEMPER, J.V., **Neuropsicología de las emociones**, 1ª ed., PIRÁMIDE, 2019
 PALACIOS, J.; MARCHESI, A.; COLL, C. [comp.-], **Desarrollo Psicológico y Educación (tomos I, II,III)**, 1ª ed. renovada, Alianza, 2001
 PALOU VICENS, S., **Sentir y crecer. El crecimiento emocional en la infancia**, 4ª reimpresión, GRAÓ, 2010
 PAPALIA, D.E., WENDKOS, S, DUSKIN, R., **Desarrollo humano**, 9ª ed., McGraw Hill, 2005
 PEÑAFIEL PUERTO, et al, **El niño en desarrollo**, 1ª ed., Ediciones del Laberinto, 2001
 Sanchidrián, c; Ruiz, J. (coords.), **Historia y perspectiva actual de la educación infantil**, 1ª ed., Graó, 2010
 SECADAS MARCOS, F., **El primer año de la vida del niño**, 1ª ed., CEPE, 2008

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Psicoloxía: Prevención e tratamento das dificultades na aprendizaxe infantil/P02G110V01305

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe infantil/P02G110V01205

Psicoloxía: Psicoloxía do desenvolvemento de 0-6 anos/P02G110V01104

Descrición

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS

* MetodoloXías docentes que se manteñen:

Traballo tutelado: Resolución de tarefas dirixidas e propostas polo profesor acerca dos contidos da materia para aprofundar coñecementos ou clarear conceptos básicos

Resolución de problemas: Resposta eficaz a situacións problema expostas en relación ao desenvolvemento infantil e intervención temperá en base a distintas metodoloxías e sistemas de actuación educativa

Estudio de casos Identificación e descrición das características cognitivas e educativas de diferentes casos de trastornos do desenvolvemento e dificultades da aprendizaxe para deseñar actuacións preventivas e de intervención

* Metodoloxías docentes que se modifican

Lección maxistral Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo e discusión guiada sobre ditos contidos

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

Utilizaranse os medios telemáticos para a realización das titorías (email, videoconferencia, foros de Moovi).

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Os estudantes realizarán un exame teórico práctico acerca dos contidos da materia, nas datas oficiais establecidas. Tamén deberán entregar un informe de Prácticas (observación dun caso a elixir entre os propostos ao inicio do curso). O contido da materia e as propostas de casos consultarase no MOOVI.

As datas de exames poden consultarse na web da facultade no apartado de Organización Académica (<http://fced.uvigo.es>).

De non ter superada a materia na primeira convocatoria, as competencias non adquiridas serán avaliadas na convocatoria de xullo.
